

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA O DESEÑO E EDICIÓN DUNHA GUÍA DE CORRESPONSABILIDADE FAMILIAR NO ÁMBITO DO COIDADADO DAS PERSOAS CON DEMENCIA

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, **don Julio García Comesaña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E doutra, **dona Sandra Ortega Mera**, na súa condición de Presidenta da Fundación Paideia Galiza, co CIF G-15798655 e domicilio na Coruña, Praza de María Pita, núm. 17.

Ambas partes recoñécense capacidade xurídica e lexitimación suficiente para subscribir este convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a **Fundación Paideia Galiza** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por obxecto, entre outros, a realización e promoción de actividades de interese educativo, científico, sanitario ou outros de análogo interese humano ou social; para o cal, pode cooperar con calquera persoa, organización e institución para a difusión e fomento de iniciativas e actividades relacionadas coa consecución do obxecto fundacional.

Segundo.- Que a Fundación Paideia Galiza colabora coa **Unidade de Demencias do Servizo de Neuroloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago** no proxecto do Grupo Hospitalario interdisciplinar de apoio á persoa cuidadora de pacientes con demencias, que ten como finalidade mellorar nas pautas de coidado destas persoas.

Terceiro.- Os datos dispoñibles sobre o perfil das persoas cuidadoras informais de persoas con Alzhéimer, reflicten que unha alta proporción considera **non dispoñer da formación** necesaria para poder coidar do seu familiar, e unha marcada tendencia a concentrar o coidado en mans dunha única persoa cun importante compoñente feminino, o que leva a falar da "feminización dos coidados".

Por este motivo, a dispoñibilidade dunha guía de apoio a persoas cuidadoras, que sirva para mellorar os coidados dos e das pacientes, e promocióne a corresponsabilidade compartida dentro da unidade familiar e dos recursos externos na súa totalidade, é de gran interese para desterrar, na medida do posible, a figura da persoa cuidadora única e poñer en valor o coidado dende unha perspectiva centrada na familia. Polo tanto, resulta de gran interese, tanto para persoas cuidadoras como para profesionais sanitarios, xa que terá unha gran repercusión na calidade de vida de pacientes e persoas cuidadoras.

Cuarto.- Este convenio formalízase ao amparo do establecido no artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no que se prevé que *"As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supoñer cesión da titularidade da competencia"* e, de modo específico, no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, no que se regulan os *"Convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral"* e en cuxo apartado 1 se establece que *"Entenderase por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral, aos efectos previstos nesta lei, aquel polo cal as entidades a que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nestas actividades."*

A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúe unha prestación de servizos."

Quinto. Que ambas partes están interesadas en colaborar na elaboración dunha guía de corresponsabilidade familiar no ámbito do coidado das demencias.

Para isto, a Fundación Paideia Galiza está interesada en colaborar mediante o financiamento da actividade descrita.

Sexto. Que os intereses converxentes das partes firmantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse adecuadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é a colaboración da **Fundación Paideia Galiza** coa **Unidade de Demencias do Servizo de Neuroloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela** a través do deseño e edición dunha guía de corresponsabilidade familiar no ámbito do coidado das persoas con demencia para entregar aos familiares dos/das pacientes da súa unidade.

Segunda.- Natureza xurídica

Este convenio configúrase como de colaboración, segundo o previsto no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

En ningún caso debe considerarse que este convenio persegue os fins dos contratos de patrocinio publicitario recollidos no artigo 22 da Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeral de Publicidade, nin a difusión da participación de entidade colaboradora na actividade pode constituír unha prestación de servizos.

Así mesmo, este convenio rexerese pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto deste.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este

convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, de conformidade co previsto no seu artigo 4, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse.

Terceira.- Obrigas das partes

A **Fundación Paideia Galiza** comprométese a financiar os custos de deseño e edición da guía titulada "Guía DE corresponsabilidade familiar no ámbito do coidado" que realizará a empresa de economía social "*Talleres Trébore, S.L.*".

A edición e o deseño deste material ten un valor total de **mil novecentos cinco euros con setenta e cinco céntimos de euro (1.905,75 €)**, IVE incluído.

Cuarta.- Propiedade intelectual

A participación da **Fundación Paideia Galiza** na edición desta guía informativa será como mera entidade colaboradora, se ben como parte desta colaboración, nas guías indicárase que se elaboraron por Talleres Trébore, S.L., empresa de economía social, sen que se inclúa o logo ou ningunha referencia da Fundación Paideia Galiza.

Sen prexuízo do anterior, os dereitos de propiedade intelectual sobre os textos e logos do material pertencen ao Servizo Galego de Saúde, quen poderá cedelos temporalmente para os traballos de edición e deseño gráfico, autorizando estes, sen que por tanto, caiba nin lle sexa esixible á Fundación Paideia Galiza ou a Talleres Trébore, S.L. ningún tipo de responsabilidade fronte a terceiras persoas polo contido destes.

Quinta.- Protección de datos

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas, no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes comprométese a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude deste convenio e ao deber de gardalos, sen que se poidan utilizar para usos diferentes aos previstos neste, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso.

Estas obrigas subsistirán incluso despois de finalizar as relacións de negocio entre as partes.

Sexta.- Non exclusividade

Este convenio non limita ao Servizo Galego de Saúde para establecer acordos de colaboración con terceiras persoas, se fose necesario, para accións relacionadas co obxecto deste.

Sétima.- Vixencia

O presente acordo estará vixente desde o día seguinte a ser asinado ata o cumprimento total das obrigas contraídas e aceptadas polas partes, salvo denuncia expresa de calquera das partes cunha antelación mínima de 15 días naturais á prevista para a finalización da súa vixencia ou resolución anticipada.

En todo caso, o obxecto do contrato deberá realizarse antes do 31 de decembro de 2023.

Oitava.- Resolución anticipada.

Serán causas de extinción do presente convenio as contidas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A resolución anticipada do convenio comportará a liquidación deste por acordo da Comisión de Seguimento.

Novena.- Comisión de seguimento.

En caso de dúbidas ou desavinzas na interpretación deste convenio, calquera das partes firmantes poderá instar á creación dunha Comisión de Seguimento para dirimilas, que se reunirá a instancia de calquera delas e que estará formada polos seguintes representantes:

Polo Servizo Galego de Saúde, a persoa que ostente a Xerencia ou persoa en quen delegue.

Pola Fundación PAIDEIA, a persoa que firme o convenio ou persoa en quen delegue.

Décima.- Xurisdición.

Este convenio ten natureza administrativa. As dúbidas que se poidan presentar sobre a súa interpretación, resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola Comisión de Seguimento que, no seu caso, se constitúa. Non obstante, no caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

Undécima.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.

A firma deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de

decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, para que así conste, asinan dixitalmente o presente acordo de colaboración.

Polo Servizo Galego de Saúde

Pola Fundación Paideia Galiza

Julio García Comesaña

Sandra Ortega Mera